



# CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

Avda. Dr. Escobar s/n 27130 O Cadavo. - R.E.L. 01270044 - Tfn. (982) 354059 Fax (982) 354039

## BANDO DE ALCALDÍA.-

### ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA.

Pónse en coñecemento de tódolos veciños ,que a Corporación Municipal de Baleira aprobou ,na sesión plenaria do 19 de marzo do 2015, por unanimidade de tódolos concelleiros asistentes , una ordenanza que obriga a presentar no Concello **unha comunicación previa** a calquera actuación de extracción e saca de madeira que afecte a vías de titularidade municipal , **cunha antelación de tres días hábiles** .

A mencionada ordenanza ( publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 15 de abril do 2015) contempla a **responsabilidade das empresas madeiras respecto dos danos que produzan nos bens de dominio público municipal como consecuencia das actividades de extracción de madeira** . Tamén contempla **responsabilidades para as persoas propietarias das parcelas do monte e terreos nos que se efectúen as mencionadas actuacións**.

Tendo en conta os danos que se están a producir nas vías de titularidade municipal como consecuencia das operacións de saca de madeira , e a obriga deste Concello de garantir que estean en axeitadas condicións esixindo as responsabilidades que legalmente procedan en caso de que se produzan danos nos seus bens de dominio público , infórmase que **se adoptarán as medidas que legalmente procedan** ante actuacións contrarias á mencionada ordenanza e calquera actuación que xere danos ás vías e demais bens de titularidade municipal , ós efectos de evitar graves prexuízos ós veciños e veciñas do concello.

En todo caso no Concello **poñémonos a disposición de tódolos veciños/as e calquera persoa interesada** ós efectos de poder aclarar calquera dúbida relacionada coa aplicación da mencionada ordenanza ( Teléfono: 982354059) .

Baleira, xaneiro do 2018.

O AlcaldeAsdo.: Ángel Enrique Martínez-Puga López.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE.

ANGEL ENRIQUE MARTINEZ-PUGA LOPEZ (1 de 1)  
ALCALDE  
Fecha Firma: 24/01/2018  
HASH: ed8deee78dd40af2230c0a2d6a25338f



Cód. Validación: 4QFZ9QR45T277E5WHPH5SP2P | Verificación: <http://concellobaleira.sedelectronica.gal/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Págin 1 de 1